

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019566	IES de Chapela	Redondela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Relixión católica	1º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

## 1. Introdución

A formación relixiosa no currículo escolar non depende da confesionalidade ou non do estado, pois é un dereito fundamental da persoa recollido na Constitución: Os poderes públicos garantirán o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea dacordo coas súas conviccións. (Art. 27.3.1978)

A liberdade relixiosa de persoas e pobos é recoñecida pola Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948. Asemade a Constitución Española non só recoñece a liberdade relixiosa senón tamén garante ddereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións no artigo 27.3. Un dereito que tamén forma parte de tratados internacionais recoñecidos por España como o Pacto Internacional de Dereitos Económicos Sociais e Culturais no seu artigo 13.3 e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000, artigo 14.3, entre outros.

A LOMLOE, ademais, no primeiro apartado do seu primeiro artigo, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno.

Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmprese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica proponse como materia curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas, xa que a relixión é un fenómeno integrante da vida e a historia das sociedades humanas e unha clave esencial da súa cultura. Tamén hoxe, nas sociedades nas que domina unha cultura secularizada, pluralista e científico-técnica, a relixión é un feito real e significativo para amplos sectores sociais e unha referencia básica para a interpretación da nosa civilización occidental. Por iso é unha materia imprescindible para coñecer a idiosincrasia dos pobos e para profundizar no que é o ser humano, na súa historia persoal e colectiva.

O currículo da materia de Relixión Católica é resultado dun fecundo diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Secundaria Obrigatoria.

O deseño curricular da materia de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de re-imaxinar os futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, escóitaa das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial.

Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

Facilitase unha aprendizaxe competencial dos contidos apresos, de maneira que as aprendizaxes sexan útiles para a vida dos alumnos, contribuíndo á súa formación integral e á súa inserción social.

A abordaxe dos contidos faise a través de actividades que susciten o interese dos alumnos, que promovan o diálogo e que buscan expor cuestións que fagan reflexionar sobre os grandes interrogantes vitais. Antes de abordar os novos contidos detéctanse os coñecementos previos do alumnado.

O Proxecto é modular e flexible o que permite a creación de itinerarios de aprendizaxe que se adaptan ás particulares do novo currículo. Baséase no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), para definir as situacóns de aprendizaxe, os retos, os escenarios cooperativos, as estratexias de pensamento, facendo accesible a aprendizaxe a todos os

alumnos.

As e os docentes necesitamos, como calquera outro profesional, planificar a nosa actividade. Esta planificación resulta imprescindible, por un lado, para cumplir co estipulado por instancias superiores e contextualizalo no noso entorno, e, por outro, para alonxarse do intuicionismo e da improvisación.

Programar é responsabilizarnos da parcela que nos corresponde do proceso Educativo, é oun conjunto de decisiones adoptadas por el profesorado de una especialidad en un centro educativo, al respecto de una materia o área y del nivel en el que se imparte, todo ello en el marco del proceso global de enseñanza-aprendizaxe (www.gobiernodecanarias.org/educacion)

O centro ó que vai dirixida esta programación é o I.E.S. Chapela, situado na parroquia de Chapela, dentro do concello de Redondela, concretamente a súa parroquia mariñeira más grande, cuns 7.261 habitantes, segundo o Padrón municipal publicado polo INE en 2020; e que é límitrofe con Vigo como gran centro urbano.

Chapela é unha vila mariñeira na que a industria ten gran peso, que ten como principal factoría a Pescanova e é sede da redacción e rotativo decano da prensa española, Faro de Vigo, fundado o 03 de xaneiro de 1853.

A situación familiar da maioría do alumnado do centro corresponde ó modelo de familia nuclear, sen embargo, cada vez será maior o número de alumnos/as con proxenitores separados ou divorciados e que conviven en entornos e situacions potencialmente problemáticos; O nivel sociocultural do alumnado e os seus proxenitores é medio-baixo; con escasa relevancia das ensinanzas profesionais ou carreiras universitarias nos países/nais e uns ingresos económicos modestos, neste curso obsérvanse numerosas familias que non teñen ningún tipo de recursos económicos. O alumnado procederá xeralmente das escolas públicas do entorno, chegando a ser en total, sobre uns 1000 alumnos/as, dos que o alumnado da eso e bacharelato estará en torno a uns 300, que se irán reducindo no seu número a medida que se aumenta o nivel educativo.

No entorno do I.E.S o alumnado conta con: un centro multiusos que inclúe una biblioteca; sen embargo, e grazas á proximidade de Vigo, contan coa posibilidade de acceder con facilidade a: museos (etnográfico, de arte contemporáneo...), centros culturais, teatros, bibliotecas...

O centro, seguindo as directrices do R.D 132/2010, de 12 de Febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos Centros que imparten ensinanzas de Réxime Xeral non Universitarias, conta físicamente con, aulas xenéricas, cunhas dimensíons suficientes para albergar a 30 alumnos e outras más reducidas para os posibles desdobres necesarios en certas asignaturas; tamén aulas específicas (tecnoloxía, música, laboratorios) un aula de Conferencias ou audiovisuais con capacidade para uns 100 alumnos/as; e dúas aulas de informática; que contan ámbalas dúas cos medios tecnolóxicos e audiovisuais más actuais. O profesorado contamos tamén coa posibilidade de utilizar medios tecnolóxicos e audiovisuales móveis, existentes en cada unha de las plantas do centro, para ampliar la posibilidade de utilización das novas tecnoloxías en tódalas aulas: canóns, pizarras dixitais, e cunha biblioteca dotada cos recursos bibliográficos e tecnolóxicos suficientes para o desarrollo de calquera actividade programada polo profesorado e solventalas dudas que lles poidan xurdir ós alumnos/as no proceso de ensinanza-aprendizaxe

En cuanto as instalacións xerais, contamos cun ascensor, baños, rampas e aparcamiento propio adaptados para as persoas (tanto alumnado como profesorado) con deficiencias físicas; un aula de orientación y e apoio para os que presenten deficiencias de aprendizaxe, e por suposto, os diferentes departamentos didácticos asemade outras salas necesarias para unha completa labor educativa.

As aulas nas que levarei a cabo a miña actividade, están dotadas todas dun ordenador, encerado e mesas e cadeiras para tódolos alumnos/as; así como xel hidroalcohólico, panos, papeleira con tapa e producto desinfectante para mesas e cadeiras.

Ademáis debido a inclusión do centro no programa EDIXGAL todos os alumnos da ESO contarán co ser propio portátil para poder trabajar na aula

Con respecto ó organigrama do centro, e baseándose no R.D 83 /1996, de 26 de Enero, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria; componse de:

- .- Equipo directivo: Director, Vicedirector, Secretario, Xefatura de estudios (nocturna e diurna)
- .- Consello Escolar (máximo órgano colexiado dos centros públicos) coas súas comisións: Comisión da Biblioteca Escolar e Comisión Económica
- .- Observatorio da Convivencia Escolar
- .- Departamento de Orientación

- .- Departamento de actividades extraescolares o complementarias: dirixido polo Bice director
- .- Departamento de Dinamización lingüística
- .- Comisión da Coordinación Pedagóxica
- .- Claustro de Profesores; organizados nos distintos departamentos

## **2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias**

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos clave da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido.	1-3			1-4	1-2-4-5		2-3	3
OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Iglesia, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discernindo coas claves do «Reino de Deus», para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construcción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respuestas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

**Descripción:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesiones	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As miñas pertenzas	Todas as persoas necesitamos raíces, pertenzas, que contribúen a conformar a nosa identidade. Esta situación de aprendizaxe pretende que o alumno identifique, recoñeza e valore a súa propia rede de vínculos constitutivos.	12	4	X		
2	Atoparse e recoñecerte	Todas as persoas necesitan saberse significativas para alguén. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos comprenderán a importancia de relacóns auténticas para ir conformando a identidade persoal.	12	4	X		
3	Ao encontro dos demais	Todas as persoas temos os mesmos dereitos e dignidade e una identidade propia, que para os cristiáns provén de ser creados por Deus. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán a igual dignidade todos os seres humanos e a responsabilidade do coidado da Casa común.	12	4	X		
4	Ritos e costumes	Todas as persoas e culturas temos una serie de ritos e costumes coa que expresamos a nosa identidade cultural. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán que, a pesar de a diversidade de ritos, pola súa forza simbólica, serven para expresar actitudes profundas cara a un mesmo, os demais ou Deus.	12	4		X	
5	Encontros que se narran	O ser humano comunicase, consigo mesmo e cos demais, a través da palabra. Da mesma maneira Deus comunicase co ser humano a través da natureza, no interior de cada ser humano e a través do	12	4		X	

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesiones</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
5	Encontros que se narran	texto bíblico. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán o valor da palabra, paira o encontro cos demás e con Deus	12	4		X	
6	A cultura, lugar de encontro	Todas as relacións que establecemos as persoas veñen determinadas pola mediación cultural Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán que as expresións artísticas e culturas son una posibilidade de encontro cun mesmo, cos outros e con Deus.	13	4		X	
7	O encontro con Xesús	Na biografía de cada persoa prodúcense encontros que nos impactan ou que nos transforman. Os encontros con Xesús tiñan esa capacidade. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán que os encontros con Xesús eran consecuencia da súa relación con Deus e como o seguimento cristián, tamén na actualidade fundaméntase no encontro con Xesús.	14	6			X
8	Unha Igrexa que sae ao encontro	Necesitamos do encontro cos outros paira noso dearrollo persoal. A Igrexa, cumplindo o mandato de Xesús, debe prestar máis atención ás persoas excluídas. Nesta situación de aprendizaxe os alumnos descubrirán, seguindo o exemplo de Xesús, a importancia de saír ao encontro das persoas necesitadas.	13	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	As miñas pertenzas	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Relaciona o sentimento de pertenza co vínculo que establecemos cun grupo de persoas e a influencia na identidade persoal e reflexiona sobre a autoimagen que ten de si.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relational de Deus, manifestado na historia da salvación.	Descobre que Xesús participou en diferentes grupos e identifica aos membros do grupo dos Apóstolos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Expresa a importancia do lugar de residencia na construcción da identidade persoal e imaxina que contornas resultan más humanizadores.		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Establece a relación entre experiencias vitais e a pregunta polo sentido.		
CA1.10 - Respectar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Identifica a diversidade relixiosa e cultural presente no seu grupo-clase e considera a proporción de persoas que profesan una relixión.		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Identifica os lugares asociados á vida e misión de Xesús, recoñece a presenza do relixioso en tempos de Jesús e seleccionar os datos biográficos que axudan a recoñecer a Xesús.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- Trazos e dimensíóns fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa.</li> <li>- Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión.</li> <li>- A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos.</li> <li>- Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> <li>- A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios.</li> <li>- As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias.</li> <li>- Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade.</li> <li>- María, Nai de Xesús e Nai da Iglesia, testemuña da fe.</li> <li>- Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía.</li> <li>- Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.</li> <li>- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.</li> <li>- Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas más desfavorecidas.</li> <li>- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.</li> </ul>

## Contidos

- A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Atoparse e recoñecerse	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensíons fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Relaciona o autoconcepto e a percepción que os outros teñen dun mesmo coa identidade persoal		
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Descobre, na tradición bíblica, a relación entre o nome propio coa vocación persoal e identifica o mandamento do amor como norma relacional cun mesmo e cos demás		
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Comprende a importancia do respecto e de establecer normas para a mellora da convivencia e extrae conclusóns sobre a ecodependencia do ser humano á luz da ecoloxía integral e do relato da Xénese	TI	100
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relational de Deus, manifestado na historia da salvación.	Recoñecer na iniciativa dun Deus que salgue ao encontro redentor a orixe da historia da salvación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.
- Trazos e dimensíons fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa.
- Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demás, coa natureza e con Deus.
- Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión.
- Habilidades e actitudes de escucha, empatía e expresión assertiva para unha comunicación interpersoal.
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relational da persoa e as súas consecuencias.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Ao encontro dos demais	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Relaciona a dignidade, igual en todos os seres humanos, na creación a imaxe e semellanza de Deus	TI	100
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Extrae conclusíons, en diálogo coa ciencia, sobre importancia do coidado da natureza e coñece o maxisterio da Igrexa sobre a ecoloxía integral a partir da encíclica Laudato Sī		
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Valora a diversidade persoal, racial e cultural recoñecendo a igual dignidade de todos os seres humanos e comprende o alcance e significado antropolóxico, social e teolóxico dos encontros de Xesús		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Recoñece na fraternidad universal, que se segue da filiación divina, a razón eclesial pola que, a pesar da diversidade, todos pertencemos a unha familia común		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Descobre a importancia da oración e o coidado da interioridade na misión de Xesús		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Identifica os lugares asociados á vida e misión de Xesús		
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Profunda, a partir da creación do ser humano, no diálogo ciencia-fe		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus.</li> <li>- Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión.</li> <li>- Habilidades e actitudes de escucha, empatía e expresión assertiva para unha comunicación interpersoal.</li> <li>- A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos.</li> <li>- Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso.</li> </ul>

## Contidos

- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios.
- As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias.
- Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade.
- A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais.
- María, Nai de Xesús e Nai da Iglesia, testemuña da fe.
- A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas más desfavorecidas.
- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Ritos e costumes	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Sabe o significado dalgúns ritos e oracións propias do cristianismo e coñece os símbolos dos sacramentos a súa orixe e o significados bíblicos dalgúns xestos	TI	100
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Relaciona o modo de vida dos monxes coa experiencia espiritual que o sustenta e identifica o sentido cristián da oración		
CA1.10 - Respectar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Coñece os diferentes tipos de ritos, comúns ás relixións, e exemplos de celebracións de diferentes confesións		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Descobre o comportamento de Xesús respecto das normas e ritos do pobo de Israel.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.

## Contidos

- A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos.
- Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e posibilidade para o diálogo intercultural e interrelíxios.
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios.
- Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade.
- María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe.
- Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía.
- Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas más desfavorecidas.
- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.
- A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Encontros que se narran	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensíons fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Entende a posibilidade da relación e a comunicación con Deus como dimensión fundamental no ser humano		
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Analiza como o encontro persoal con Jesús transforma ás persoas		
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Comprende a importancia da comunicación e a escucha para o desenvolvemento personal e descubre como a tradición bíblica e o Maxisterio de Igrexa comprenden a natureza como manifestación de Deus	TI	100
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Relaciona as narracións, orais e escritas, nos seus xéneros literarios, como transmisoras da identidade, cultura e cosmovisión relixiosa entre persoas e xeracións		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Comprende o sentimento relixioso que suscita a contemplación da natureza		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñece a Biblia, como expresión da comunicación e relación de Deus co pobo de Israel e o ser humano e identifica a *Xesucristo como a comunicación definitiva de Deus		
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Profunda, á mantenta do coidado da natureza, no diálogo ciencia-fe		

